

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Oferta de emprego público**

*OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CORPO DA POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2018*

*Expediente: 2018/OEP/000001*

#### **ANUNCIO RELATIVO A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2018.**

A xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o día 26/12/2018 aprobou a oferta de emprego público do Corpo da Policía local do Concello de Pontevedra para o exercicio 2018, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia con especificación das prazas incluídas e a súa clasificación. En cumprimento do citado acordo, procédese a publicación da oferta de emprego público do Corpo da Policía local do Concello de Pontevedra para o ano 2018, cuxas prazas que se ofertan son as seguintes:

#### *FUNCIONARIOS DE CARREIRA*

##### ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

— Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: Inspector principal.

— Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 5. Denominación: Policía.

Así mesmo, na citada sesión da Xunta de Goberno acordouse fixar como prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos dous anos.

#### *Recursos:*

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o Concelleiro de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Luns, 28 de xaneiro de 2019

Núm. 19

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica

O concelleiro de persoal, réxime interior e patrimonio

